

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 4 de marzo de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudosio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,00 horas do día catro de marzo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(256).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(257).- ACEPTAR A CESIÓN FEITA POLO IGVS DE 35 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BLOQUE SUR DA PROMOCIÓN DE SAN PAIO DE NAVIA (AGÁS AS VIVENDAS B) DA PLANTA PRIMEIRA, SEGUNDA E TERCEIRA. EXPTE. 34/433.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Vivenda e PMS, do 11.02.2011, conformado pola xerente de Urbanismo, e coa certificación do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 3.03.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión feita polo IGVS de 35 vivendas de promoción pública que se relacionan nos antecedentes do presente acordo, coas súas respectivas prazas de garaxe e rochos vinculados, no bloque Sur da promoción de San Paio de Navia, agás as vivendas B) da planta primeira, segunda e terceira. No obstante, con carácter previo a adopción do presente acordo, ó abeiro do disposto no Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, é necesario a emisión do preceptivo informe de intervención.

Segundo.- Instar ó IGVS, en virtude do disposto no artigo 23.1 do Decreto 253/2007, a cesión de titularidade do local sito na Avda. Martínez Garrido número 29 (número de expediente do IGVS PO-91/020) así como das dúas vivendas cedidas temporalmente polo IGVS mediante acordo de data 27 de maio de 2008 (números de expediente do IGVS PO-1CD71:743 e PO-83/540:46).

Terceiro.- Formalizar en escritura pública a cesión gratuíta realizada e proceder á inscrición das vivendas obxecto de cesión no Rexistro da Propiedade.

Cuarto.- Incorporar as vivendas obxecto de cesión ó Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Concello de Vigo.

Quinto.- Co obxecto de determinar as implicacións tributarias do presente acordo, así como ó abeiro do disposto nos artigos 213 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, dar traslado ó departamento de Servizos Centrais.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,05h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.